

Exposición  
**JORGE BARBI**  
**41º 52' 59" latitude N / 8º 51' 12" lonxitude O**  
16 outubro 2009 – 14 febreiro 2010

**'CADERNO DE VIAXE'**  
Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación infantil**  
De 3 a 6 años

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

**JORGE BARBI**  
**41º 52' 59" latitude N / 8º 51' 12" lonxitude O**

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Infantil** ten unha duración aproximada de **1 hora y 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar.

As actividades de educación infantil están pensadas para converter o museo nun xogo de descubrimento. As obras analízanse dende diferentes perspectivas deseñadas especificamente para conseguir un achegamento afectivo e cognitivo. Este programa de actividades está especialmente pensado para que a visita ao MARCO sexa recordada como algo divertido e especial onde teñan lugar todo tipo de descubrimentos.

## A exposición

Continuando coa liña de programación de exposicións individuais inaugurada neste 2009, o MARCO presenta unha mostra dedicada á obra dun único artista, Jorge Barbi, que ocupa toda a planta baixa do museo. Este recoñecido artista de A Garda ha percorrido case diariamente a mesma paisaxe, unha liña de costa que vai dende a Garda a Cabo Silleiro, que coñece dende a súa infancia e co que mantén unha estreita relación emocional. A partir desta práctica sinxela e cotiá, Barbi extrae a maior parte do repertorio de imaxes, obxectos e ideas que conforman o seu pensamento artístico.

Juan de Nieves, comisario da exposición, explica que o punto de partida o compoñen varias series de fotografías dos últimos anos, que se completan cunha coidada selección de pezas realizadas polo artista ao longo de toda a súa traxectoria, e novas producións específicas para esta mostra, todo iso pretendendo que se converta nunha verdadeira experiencia sensorial para o público.

Científico, poeta, observador, pensador, son algunhas das palabras que definen a Jorge Barbi. As súas obras preséntanse non de forma cronolóxica senón como parte dunha paisaxe, de forma que ao entrar na exposición poidamos sentirnos dentro do mundo interior do artista, como un diario visual e poético dos seus paseos, da súa paisaxe.

Paralelamente a esta mostra, a partir de outubro de 2009 o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e familias. "Caderno de viaxe" é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e talleres. As visitas e talleres para escolares preséntanse como un xogo no que están invitados a participar, para que a través da mirada atenta, da observación de todo e dos seus detalles, e das asociacións e ideas que suxiren, sexan eles mesmos os que extraan conclusións sobre o que están a percibir.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com). No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, texto curatorial, información sobre o artista e imaxes da exposición. Tamén, na Biblioteca-centro de documentación do MARCO preséntase unha exposición bibliográfica con selección de catálogos individuais e colectivos do artista.

## Posibilidades didácticas

A idea dun 'caderno de viaxe' formúlase neste programa educativo cun dobre sentido. Por un lado, invitar a entrar na paisaxe de Jorge Barbi e viaxar polos seus pensamentos, emocións, ideas, aprendendo da súa forma de entender o mundo. Por outro, entrar na paisaxe da arte contemporánea, descubriendo, mirando, falando, escoitando e gozando das obras.

Durante a nosa viaxe pola exposición iremos observando e recollendo os elementos que máis nos chaman a atención desa paisaxe, e trataremos de comprender a forma de traballar do artista, e o que nos quere transmitir coas súas obras. Unha vez no taller engadiremos novas obras a esa paisaxe, como recordo deste percorrido pola arte contemporánea.

O programa didáctico **Caderno de viaxe** comprende tres partes complementarias: actividades para antes da visita, visita e taller no museo, e actividades para despois da vista. As actividades anteriores permiten abordar na aula conceptos prácticos para motivar e despertar o interese do alumnado, que unha vez no museo lles axudarán a entender e respectar o traballo do artista, e a seguir máis activamente o desenvolvemento da visita e taller. As actividades posteriores pretenden ampliar cuestións que xurdiron durante a visita; afondar nas ideas, temas ou conceptos que suxiren as obras, e en métodos de traballo da arte contemporánea.

Durante a visita procuramos despertar o auto-descubrimento, contribuíndo a desenvolver capacidades de observación, percepción, reflexión e interpretación. No 'Laboratorio das Artes', o espazo de didáctica situado no primeiro andar, a aprendizaxe desenvólvese de forma activa, ofrecendo aos alumnos/as a posibilidade de actuar dende o punto de vista do artista.

O programa educativo pretende ofrecer claves para lograr a comunicación do alumnado coas obras. O obxectivo final é contribuír a mellorar os mecanismos de percepción e fomentar o interese e respecto pola arte contemporánea.

## Actividade para antes da visita [OPCIONAL]

### *Un paseo por...*

#### Tipo de actividade

Charla-diálogo, actividade plástica e xogos de expresión

#### Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptables na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

#### Destinatarios

Actividade dirixida a grupos de participantes de 3 a 6 anos

#### Descrición da actividade

Na nosa próxima visita ao Museo de Arte Contemporánea de Vigo, veremos unha exposición onde imos descubrir obras dun artista galego chamado Jorge Barbi. Pode que sexa a primeira vez que visitamos un museo, e que nos fagamos algunhas preguntas...

- Que é un museo?
- Para que serve?
- Como é o edificio?
- Como son as obras de arte?

É interesante que os nenos participen deste diálogo intentando ofrecer respostas. Aínda que non teñan unha idea clara xurdirán conceptos válidos para explicar de forma sinxela que é o que imos visitar e por que. Á volta do museo podemos formular as mesmas preguntas e así comparar as súas expectativas coas novas ideas que teñamos despois da visita. Todas as respostas son válidas, xa que o obxectivo non é achar unha definición acertada senón coñecer o que pensan e fomentar un diálogo.

Este pequeno debate serve como introdución á actividade. Explicaremos a continuación que é o que atoparemos nese lugar chamado MARCO.

Na excursión que realizaremos ao MARCO coñeceremos a obra de Jorge Barbi. É un artista amante da natureza que, grazas á súa mirada atenta e á súa capacidade de observación, descobre detalles do seu contorno que transforma en obras de arte: esculturas, fotografías, etc. Unha vez realizadas organízase unha exposición para que todos poidamos gozar delas, e é por iso que estas obras estarán no museo.

Jorge Barbi percorre cada día lugares próximos a un pobo costeiro chamado A Guarda. Nos seus paseos descobre formas, texturas, obxectos, etc., e de aí xorden ideas para crear obras de arte.

Convertámonos en artistas!

Realicemos un debuxo ou pintura libre de algo que nos apeteza. Unha vez finalizados, cada un conta o que ve no seu debuxo:

- Que é o que se ve?
- Representaches algo ou alguén?
- Era algo coñecido?
- Era algo imaxinado?

As nosas obras poden tratar de algo real e coñecido ou de algo imaxinado. Segundo as nosas experiencias, pensamentos e sentimentos representaremos uns motivos ou outros. Barbi vive nun ámbito natural próximo ao mar, e nas súas obras aparecen detalles deste lugar. Ademais, ten unha grande imaxinación, e por iso nalgunhas obras hai obxectos e ideas que non representan nada real.

Jorge Barbi é un grande observador. Cando descobre algún detalle interesante da natureza transfórmao nunha obra de arte. Grazas a isto decatámonos do importante que é observar, escoitar, tocar... para realizar descubrimentos no noso contorno cotiá.

Fagamos un paseo imaxinario!

- Apetécovos dar un paseo?
- Es quen de imaxinar un lugar?
- Es quen de pasear sen saír de clase?

Imos intentalo.

### **“Un paseo polo bosque”**

Nesta primeira sesión de paseo eliximos o bosque, pero despois podemos escoller outros lugares como a praia, a cidade, etc. En cada un dos paseos trataremos de imaxinar o que percibimos durante o noso percorrido. Ademais intentaremos utilizar todos os sentidos para ver, tocar, ulir, oír e gustar. Concluiremos cun breve xogo de dramatización. Necesitaremos polo menos unha sesión para completar un paseo.

Antes de comezar a actividade preparamos algúns dos materiais que imos empregar:

- Follas verdes e secas
- Anacos de ramas
- Bolsiñas con terra
- Bolsiñas con herbas
- Sons do bosque (optativo)
- Debuxos de elementos naturais do bosque
- Imaxes de bosques
- Debuxos de animais e alimentos

### **1ª parte**

Na primeira parte da actividade falaremos do que vemos durante o noso paseo. Como se trata dun paseo imaxinario, pechamos os ollos para comezar a viaxe. Subimos ao autobús que nos deixará preto do bosque....

Xa podemos abrir os ollos! Que é o que vemos a noso arredor?

Tratamos de describir o que vemos, apoiándonos con imaxes se é necesario. Imos contando o que vemos:

- Árbores
- Plantas
- Un sendeiro
- Animais
- Pedras

Cada un destes elementos do bosque dá pé para falar de tamaños, formas e cores. Cando a descrición sexa bastante completa podemos pasar á seguinte actividade. Utilizamos ramas e follas para mostrar exemplos dos nosos achados.

### **2ª parte**

Na segunda parte da actividade tratamos de utilizar outros sentidos:

- Que é o que podemos ulir?
- Que é o que podemos tocar?
- Que é o que podemos escoitar?
- Que é o que podemos comer?

Para a primeira pregunta empregaremos unha bolsa con terra e tratamos de identificar o que contén mediante o olfacto. Para a segunda, unha bolsa con herbas na que trataremos de describir que é o que tocamos, apreciando o seu tacto.

A continuación imaxinamos os sons do bosque. É un xogo no que se nos propón crear e reproducir sons. O/a profesor/a reproduce ou imita un son que debemos adiviñar e repetir todos xuntos (poden ser sons de animais ou da natureza, como follas secas, vento, etc.) Facemos o mesmo con varios sons.

Para a cuarta pregunta utilizamos debuxos de alimentos. Debemos imaxinar o sabor de cada un e decidir se podemos atopalo no bosque. Por exemplo, tratemos de diferenciar o que son froitos, e o que son outros alimentos (podemos incluír debuxos dun peixe ou unha torta para decidir se son ou non alimentos do bosque, e aumentar a dificultade en función das idades do grupo).

### **3ª parte**

Para finalizar este paseo realizamos un xogo de expresión que nos permita sentirnos como parte integrante do bosque. Ímonos converter en árbores.

Poñémonos de pé e movémonos libremente polo espazo da aula. A un sinal, deterémonos porque nos convertemos en árbores. Os nosos brazos son ramas e, nas nosas mans, follas de xornais usados convertéronse en follas. A outro sinal, comezará a soprar vento creado por nós mesmos, que move os nosos brazos, as ramas, e que fará chocar as follas das árbores entre si.

A partir de aquí podemos continuar o xogo dando poderes ás árbores para camiñar e cambiar de sitio. Cando nos avisen, volveremos ao lugar de partida. Podemos engadir a este xogo todos os complementos que poidamos; como caracterización de árbores, maquillaxe, diferentes materiais para as follas, etc. Todo iso non só enriquece o resultado senón que facilita a motivación e participación. Cando a clase remate, finaliza o noso paseo, pero podemos agardar a outra sesión para inventar un novo...

## VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

### Educación Infantil

#### A visita á exposición

Durante o noso paseo pola exposición iremos observando e recollendo os elementos que máis nos chaman a atención das obras, e trataremos de comprender a forma de traballar do artista contemporáneo. A través da observación avanzamos paso a paso na paisaxe da arte contemporánea. A visita de educación infantil componse de diferentes xogos e actividades. A través deles descubriremos que é o que o artista nos quere contar coas súas obras, e incorporarémolo ao noso arquivo de descubrimentos, ao noso caderno de viaxe.

Durante este percorrido atoparemos obras que presentan unha grande variedade de linguaxes, técnicas e temáticas. Partindo dos seus coñecementos e experiencias, os participantes investigan e afondan en aspectos do seu mundo máis próximo: formas, cores, tamaños, personaxes, lugares, obxectos, segredos... todo un mundo por descubrir no museo, de forma entretida, dinámica e participativa.

#### O obradoiro no Laboratorio das Artes

##### **"Pintando as ondas"**

A idea desta actividade é recoller a esencia desa relación que posúe o artista coa natureza, especialmente co mar. Nas súas series fotográficas vimos que é un grande observador, atento aos detalles da natureza. As series fotográficas *Arena* e *Espumas* tratan de captar un momento específico nunha natureza que cambia de forma fugaz e irreplicable.

As ondas recórdannos esa constante transformación; por iso tratamos de recuperar ese momento no que o artista observa o mar e o escolle para o seu "caderno de viaxe". A utilización no taller dun elemento como a auga intenta despertar o interese e curiosidade dos participantes, que pintarán as súas propias "ondas" que meterán nunha pequena piscina. Ao mover a auga, moverán á súa vez as ondas, cun resultado visual e poético que nos lembra a esencia da obra do artista. Pero a aventura non remata aquí; a continuación intentaremos "pescar" as ondas para levalas como recordo, e proxectaremos un vídeo co resultado do noso traballo.



## Actividade para despois da visita [OPCIONAL]

### ***Terra, auga, aire***

#### Tipo de actividade

Actividade de creación baseada na observación de diferentes medios naturais

#### Duración

3 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

#### Destinatarios

Actividade dirixida a participantes de 3 a 6 anos

#### Descrición da actividade

A observación é unha das habilidades a desenvolver nesta etapa de descubrimentos, e é o eixe das actividades de educación infantil. Como actividade posterior á visita ao MARCO propoñemos crear unha obra baseada nos coñecementos adquiridos no museo, e na nosa capacidade de observar e crear.

Durante a nosa visita ao museo coñecemos as obras de Jorge Barbi. Este artista é un grande observador que mira con grande atención todo o que o rodea e selecciona aquilo que máis lle gusta para as súas obras: un camiño, unha charca, unhas estrelas, unhas vacas, unhas gotas... Fascínalle todo o que a natureza lle pode ofrecer na terra, na auga e no aire.

Nesta actividade realizaremos unha viaxe pola terra, a auga e o aire. Traballaremos como Barbi, procurando poñer atención no que vemos e descubrir cousas que outros non descubren. Levaremos un caderno para gardar os nosos recordos e descubrimentos.

En primeiro lugar, para realizar esta viaxe seleccionamos 3 secuencias de 5 a 10 minutos dalgunha película de animación. Esta vez non nos fixaremos na historia nin nos seus protagonistas, senón no lugar no que se desenvolve a aventura. Actuaremos como observadores procurando fixarnos en todos os detalles. Tamén faremos paradas para captar os detalles que nos interesen e reflectilos no noso caderno.

Dividiremos a viaxe en tres etapas, como indica o título da actividade. A continuación mostramos exemplos de posibles proxecións. Non importa que sexa ou non unha película coñecida, porque a imos ver dende outra perspectiva.

Exemplos:

Terra: "O bosque animado"

Auga: "Buscando a Nemo"

Aire: "Up"

Gustaralles falar da película e contar o seu argumento; é unha boa forma de motivarlles e desafiarlles a descubrir, a través da observación, detalles que pasaron desapercibidos. Podemos escoller algunha secuencia de cada unha das películas que sexa representativa da idea de viaxar por estes tres elementos: terra, auga, aire.

Cando realicemos a proxección é interesante fixarse nos detalles de cada medio, por exemplo: nunha secuencia do bosque podemos buscar elementos como cogomelos, plantas, árbores, covas, animais, etc. Nunha secuencia do mar identificamos peixes, algas, barcos, area, etc. Nunha secuencia de aire intentamos fixarnos en nubes, montañas, sol, estrelas, paxaros, etc. Realizaremos polo menos unha parada de 5 minutos en cada proxección.

Unha vez detida a imaxe temos tempo para contar algo do que estamos a ver, achegando cada un os detalles que poida descubrir, e engadindo os seus coñecementos e experiencias. Todos podemos participar indicando algo novo. Ao rematar, é o momento de seleccionar algún elemento do que vimos e de representalo nos nosos cadernos de viaxe. Podemos facilitar tamén debuxos seleccionados para colorear, con elementos dos que vimos na proxección, e reservalos para a actividade que segue.

Finalmente crearemos un proxecto colectivo:

Utilizaremos papel continuo a xeito de soporte da nosa obra. Colocamos nunha das paredes da aula unha tira de 2 ou 3 metros de longo, que será o noso lugar de traballo para unha obra colectiva. Somos os artistas encargados de realizar unha obra que combine todo o que aprendimos durante esta actividade. Na nosa obra deben aparecer a auga, a terra e o aire. Podemos separalos ou mesturalos. Con papeis de cores enchemos os espazos procurando utilizar materiais diferentes para crear varios tipos de sensacións (por exemplo, papel celofán na auga, papel pinocho na terra e papel charol no aire). Finalmente incluiremos os debuxos realizados anteriormente, e conservamos o resultado na aula como recordo da nosa viaxe.

## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com), á atención de:

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento Didáctico  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)  
[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)

Pedro A. Cordón Casais  
Asesor y autor del programa educativo